

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Publicacións

A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero

Título: Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero

Autor: Rafael Quintía Pereira

Editorial: Librería Nós

Impresión: color

Tamaño: 23×16

240 páxinas

I.S.B.N. 978-84-615-2509-6

(Premio de Investigación "Luis Cuadrado 2010")

A Nosa Señora da Lanzada é un dos santuarios máis poderosos de Galicia. A súa privilexiada localización, nun promontorio costeiro rodeada de areas e fronte ó Océano Atlántico, converte a este recinto sagrado nun lugar único da nosa xeografía relixiosa, en punto de destino de miles de devotos e nun porto de partida das almas cara ó Alén, ó Máis Alá. Neste máxico lugar conxúganse os ancestrais ritos precristiáns co culto á Virxe, a divina intervención da Nosa Señora da Area cos poderes das augas, os astros e as pedras; a crenza nunha vida no Máis Alá coas ánimas en pena, co remeiro Caronte e coas bestas fantasmagóricas que habitan as nosas rías e as nosas illas. En definitiva, o mundo terreal e profano co mundo do sobrenatural e do divino. O autor descúbrenos nesta obra, galardoada co premio Luís Cuadrado 2010, todo o universo mítico e relixioso que envolve a este

espectacular santuario da Lanzada e fai un estudo pormenorizado de tódolos elementos materiais, inmateriais e simbólicos que configuran este famoso santuario da costa galega.

